

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA
CELEBRADA O DÍA 28 DE NOVEMBRO DE 2011

SRES. ASISTENTES:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. TOMÁS JAVIER FOLE DÍAZ

CONCELLEIRAS/OS ASISTENTES:

DONA MARTA RODRÍGUEZ ARIAS
D. MANUEL A. TARRÍO FERNÁNDEZ
DONA ROCIO ANA LLOVO DEL RÍO
D. LUIS GARRIGOS VILLALBA
DONA MARÍA ELENA SUÁREZ
SARMIENTO
D. ANTONIO CARBALLO BRIANES
D. JESÚS LONGA SÁNCHEZ
DONA FLORA M^a A. RODRIGUEZ
BARREIRO
D. JOSÉ MANUEL PARDAL GARCÍA
D. MANUEL RODRÍGUEZ CUERVO
DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
D. ARGIMIRO SERÉN MERA
DONA SUSANA CAMIÑO PÉREZ
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
D. XOSÉ CASTRO RATÓN
DONA ANA I. LORENZO FRAGA
D. XURXO C. ABUÍN RODRÍGUEZ
D. JUAN M. FAJARDO RECOUSO
D. RAMÓN BUENO PIÑEIRO

SECRETARIA:

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA:

DONA CARMEN GÓMEZ OTERO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as dezasete horas do día 28 de novembro de 2011, baixo a Presidencia de D. TOMÁS JAVIER FOLE DÍAZ, e coa asistencia da Secretaria [secretaria], reuníronse, en primeira convocatoria, os señores Concelleiros, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de data 31 de outubro de 2011
2. Dación de conta das Resolucións da Alcaldía do mes de outubro de 2011.
3. Toma de coñecemento da renuncia ao cargo de Concelleiro presentada por D. José Luis Rivera Mallo.
4. Declaración Institucional do Consello Local da Muller con motivo do 25 de novembro "Día Internacional contra a violencia de xénero"
5. Aprobación, se procede, do reintegro parcial de préstamos á entidade bancaria BBVA e expediente nº 2 de Modificación de Crédito por Crédito Extraordinario.
6. Aprobación, se procede, da Moción presentada polo Grupo Político Municipal do BNG sobre recortes do Plan concertado da Xunta de Galicia.
7. Aprobación, se procede, da Moción presentada polo Grupo Político Municipal do BNG sobre políticas de prevención e tratamento da violencia de xénero.
8. Aprobación, se procede, da Moción presentada polo Grupo Político Municipal de Esquerda Unida sobre "Retirada valados obras públicas".
9. Aprobación, se procede, da Moción presentada polo Grupo Político Municipal do PSdeG-PSOE sobre comedores escolares.
10. Aprobación, se procede, da Moción presentada polo Grupo Político Municipal do PSdeG-PSOE sobre o financiamento dos Servizos Sociais
11. . Interpelacións.

12. Rogos e preguntas.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 31 DE OUTUBRO DE 2011..- Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación da acta.

O Sr. Abuín Rodríguez solicita se lle envíen as actas ao correo electrónico que facilitou.

A Sra. García Sanmartín solicita se substitúa na acta citada na última páxina “Alcaldesa” por “Alcalde”.

Coa devandita rectificación queda aprobada por unanimidade a acta de data 31 de decembro de 2011.

2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DO MES DE OUTUBRO DE 2011..- Pola Secretaria dáse conta ao Pleno da Corporación das Resolucións emitidas pola Alcaldía:

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DO MES DE OUTUBRO DE 2011:

3.- Representación e defensa de intereses do Concello exercida por letrado en procedemento xudicial.

57.- Desestimación de alegacións expediente sancionador de tráfico.

27.- Declaración de sobresemento expediente sancionador de tráfico.

2.- Declaración de prescrición infracción tráfico.

1.- Imposición de sanción expedientes sancionadores de tráfico.

1.- Contratación de persoal para impartición módulos cursos AFD.

2.- Sanción a empregado municipal por comisión de falta leve

1.- Realización trámite de audiencia a funcionario municipal en expediente sancionador.

1.- Dedución de haberes de un día a funcionario municipal por folga.

1.- Compensación periodo vacacional en metálico a empregado excedente voluntario.

2.- Nomeamento funcionarias interinas.

1.—Designación encargado en funcións do Servizo de Desenvolvemento Ambiental.

1.- Comunicación a organizacións sindicais celebración de selección de persoal.

3.- Concesión de gratificación especial por diferenza de complementos.

1.- Aprobación gasto aportación ao Plan de Pensións do Mes de setembro de 2011.

1.- Recoñecemento e aboamento na nómina de servizos en xornada nocturna.

1.- Recoñecemento e aboamento na nómina de gratificación por festivos.

1.- Recoñecemento e aboamento na nómina de servizos en domingo.

2.- Autorización transmisión de licenza municipal de apertura.

1.- Modificación de autorización de ocupación de vía pública instalación terraza.

1.- Subrogación de licenza municipal de actividades molestas restaurante.

8.- Concesión de licenza municipal de apertura de establecemento.

1.- Informe favorable instalación estación base telecomunicacións.

4.- Concesión de desestimento solicitude de licenza de obra.

1.- Concesión de subrogación de licenza de obra.

3.- Concesión de prórroga de licenza de obra.

3.- Concesión de licenza de entrada de carruaxes.

13.- Concesión de licenza para acometida e/ou conexión ás redes de auga e/ou saneamento.

2.- Concesión de licenza de segregación.

38.- Concesión de licenza de obra menor.

7.- Concesión de licenza de obra maior.

- 2.- Iniciación expediente administrativo sancionador contra titular licenza auto-taxi.
- 1.- Orde limpeza parcela.
- 3.- Concesión de licenza definitiva apertura de establecemento.
- 2.- Concesión de licenza para tenza de animais potencialmente perigosos.
- 1.- Inscrición can no rexistro municipal de animais potencialmente perigosos.
- 1.- Orde realización obras seguridade e concesión prazo para solicitude licenza municipal de obra.
- 2.- Requirimento acreditación estado de conservación e seguridade de elementos edificación.
- 2.- Orde adopción medidas para garantir a seguridade dos peóns.
- 1.- Orde adopción medidas para garantir estado salubridade en local baixo.
- 3.- Incoación de expediente de reposición da legalidade urbanística.
- 2.- Desestimación de alegación e reiterar orde presentación informe-ditame de seguridade.
- 1.- Desestimación de recurso de reposición contra resolución orde de rehabilitación de inmovible.
- 2.- Arquivo de expediente obras conservación e mantemento.
- 1.- Aprobación Plan de Seguridade e Saúde obras.
- 1.- Aprobación de anexo 1 ó Plan de Seguridade e Saúde obras.
- 7.- Concesión de fraccionamento de débeda.
- 27.- Compensación de débito e crédito.
- 24.- Orde pago de facturas.
- 4.- Recoñecemento de obrigacións de gastos.
- 6.- Admisión a trámite instancia solicitude licenza municipal actividades
- 2.- Aprobación de gasto taxa publicación anuncio no BOP e/ou DOGA.
- 1.- Desestimación recurso reposición expte. sancionador por infracción de horario de peche de local.
- 1.- Iniciación de expediente administrativo sancionador por infracción de horario de peche de local.

TOTAL: 288

O Concello Pleno queda sabedor.

3.- TOMA DE COÑECEMENTO DA RENUNCIA AO CARGO DE CONCELLEIRO PRESENTADA POR D. JOSÉ LUIS RIVERA MALLO.- Pola Sra. Secretaria dáse lectura ó dictame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, en sesión celebrada o día 24 de novembro de 2011, do seguinte teor:

A Sra. Secretaria dá conta do escrito dirixido ao Alcalde e presentado no Rexistro xeral o día 31 de outubro de 2011 por D. José Luis Rivera Mallo, no que expresa a renuncia ao cargo de concelleiro.

Neste asunto faise saber pola Secretaria que ao abeiro da Instrucción da Xunta Electoral Central de 10 de xullo de 2003 sobre substitución de cargos representativos locais, débese poñer esta renuncia en coñecemento do Pleno, remitíndose certificación do acordo adoptado á Xunta Electoral Central a efectos de proceder á substitución conforme ao disposto na Lei orgánica de réxime electoral xeral 5/1985, indicando o nome da persoa que a xuízo da corporación lle corresponde a vacante.

O artigo 182 da Lei 5/1985 prevé que en caso de renuncia dun concelleiro, o escano atribuírase ao candidato ou no seu caso, ao suplente da mesma lista a quen corresponda, segundo a orde de colocación.

Recibida a certificación da Corporación local de toma de coñecemento do cese no cargo representativo local, a Xunta Electoral expedirá a credencial acreditativa da condición de electo en favor do candidato a quen corresponda cubrir a vacante. Credencial que remitirá á corporación local da que aquel forme parte. A corporación notificaralla ao interesado, de xeito fidedigna, aos efectos do establecido pola normativa de réxime local.

Vista a lista electoral de IVIL nas eleccións municipais de 2011, sendo esta á que pertence o renunciante, estímase que lle corresponde substituílo a D. ANGEL BENITO PEREZ DORGAMBIDE, que figura no posto 2 da mesma.

A Comisión queda sabedora.

Polo exposto o Concello en Pleno toma razón da renuncia de D. José Luis Rivera Mallo e solicita da Xunta Electoral Central, que se leven a cabo os trámites oportunos para a substitución do concelleiro renunciante por D. Angel Benito Pérez Dorgambide, remitindo a esta corporación a credencial como tal.

4.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONSELLO LOCAL DA MULLER CON MOTIVO DO 25 DE NOVEMBRO "DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO".-

Pola Sra. Secretaria dáse lectura ó ditame emitido pola Comisión Informativa de Traballo e Benestar, en sesión celebrada o día 24 de novembro de 2011, do seguinte teor:

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONSELLO LOCAL DA MULLER CON MOTIVO DO 25 DE NOVEMBRO DIA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

Dende O Consello Local da Muller do Concello de Vilagarcía como cada 25 de Novembro, Día Internacional contra a Violencia de Xénero, queremos manifestar o noso apoio e o noso compromiso con todas as mulleres que están en situación de violencia e manifestamos a nosa vontade de seguir loitando contra estas agresións que socavan o dereito fundamental á vida e son a expresión máis brutal da desigualdade por razón de xénero. A violencia de xénero supón un obstáculo para a igualdade, o desenvolvemento e a paz dos pobos. Non esquezamos que non é un problema do ámbito privado senón que afecta á sociedade en xeral. O silencio e a resignación non son a resposta.

Somos conscientes da progresiva tendencia á diminución na idade dos agresores, este aspecto altamente preocupante, débenos facer unir esforzos para reivindicar unha educación baseada na igualdade, dende a que poder afrontar a modificación dos roles e estereotipos de xénero así como contrarrestar as mensaxes sexistas que abundan nos medios de masas. A educación dos afectos e a reflexión sobre o papel que xoga o amor na construción psicosocial das mulleres debe ser un obxectivo imprescindible desta educación igualitaria. Visibilizar é unha tarefa central para o coñecemento da realidade e a súa superación.

Tamén queremos facer unha reflexión acerca das diferentes modalidades para desprestixiar os avances das mulleres en situación de violencia e da sociedade no seu conxunto. Determinados discursos sobre as denuncias falsas por violencia ou a utilización do síndrome de alienación parental, figura non recoñecida pola Asociación Española de Neuropsiquiatría, están a constituír novas formas de violencia sobre as mulleres e no tema do SAP tamén sobre os menores.

Por todo isto, neste 25 de novembro, queremos reivindicar o Estado de Benestar como marco igualitario para previr e combater a marxinação social, a pobreza e o desemprego que fan máis vulnerables ás mulleres e demandamos a sustentabilidade e o mantemento dos

dispositivos para prestar unha resposta adecuada ás mulleres.

Presentamos esta Declaración Institucional con motivo do Día Internacional contra a Violencia de Xénero ante o Pleno do Concello de Vilagarcía de Arousa para que, revalide o seu

compromiso na loita contra a desigualdade de xénero e asuma estas reivindicacións, entre elas e de forma especial, o mantemento dos dispositivos de atención e axuda ás mulleres vítimas de violencia como manifestación máis brutal da desigualdade por razón de xénero. Vilagarcía de Arousa, a 17 de novembro de 2011

Os/as membros da Comisión, por unanimidade, préstalle a súa aprobación.

O Concello Pleno, por unanimidade, préstalle a súa aprobación.

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO REINTEGRO PARCIAL DE PRÉSTAMOS Á ENTIDADE BANCARIA BBVA E EXPEDIENTE Nº 2 DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO POR CRÉDITO EXTRAORDINARIO.- Pola Sra. Secretaria dáse lectura ó ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, en sesión celebrada o día 24 de novembro de 2011, do seguinte teor:

PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA XUSTIFICATIVA DA MOFIFICACIÓN ORZAMENTARIA POR CRÉDITO EXTRAORDINARIO Nº 2/2011

Logo de ver o seguinte expediente iniciado mediante Providencia da Alcaldía de data 15 de novembro de 2011 debido á existencia de gastos específicos e determinados que non poden demorarse ata o próximo exercicio, e para os que non existe crédito no vixente Orzamento da Corporación, que é o prorrogado para o exercicio 2011, e non pode ser ampliado:

Expediente Nº 2/2011 de modificación de crédito por crédito extraordinario para a amortización no ano 2011 de préstamos vixentes de BBVA (9521699407), por importe de 160.263,12 euros e BBVA (ICO), por importe de 400.000 euros, para conseguir a redución dos gastos financeiros para o exercicio 2012 na contía de 315.195,60 euros (ATA 2012), e a redución dos gastos financeiros para os exercicios 2013 e 2014 por importe de 303.495,34 euros (151.747,67 euros en cada exercicio), supoñendo un aforro total de 618.690,94 euros

Visto que a amortización anticipada por importe total de 560.263,12 euros, suporía un aforro total de 618.690,94 euros, que non pode demorarse ata o exercicio seguinte,

Visto que o o Artigo 14 do Real Decreto-Lei 8/2010 de 20 de maio, polo que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público contempla a disminución do endebedamento a longo prazo, e tendo en conta o Informe favorable da Intervención municipal (Ref. CV-533/2011),

Esta Alcaldía dacordo co artigo 177 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o expediente de concesión de crédito extraordinario nº 2/2011, en relación ás aplicacións orzamentarias relacionadas a continuación:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
011-913 "Débeda pública-amortiz. préstamos"	556.263,12
011- 310 "Débeda pública-xuros préstamos"	2.200
011-341 "Débeda pública. Outros gastos financeiros"	1.800
TOTAL	560.263,12

SEGUNDO: Os medios e recursos que han de financiar os aumentos que se propoñen ao amparo do disposto no artigo 174.4 do TRLFL 2/2004 son os seguintes:

- Baixas de créditos de gastos das seguintes aplicacións do orzamento vixente:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
132-121 Seguridade-retribucións complementarias funcionariado	36.880,36

134-22608	Protección civil-Plan Protección civil	16.741,19
151-131	Xerencia urbanismo- retribucións persoal laboral	23.724,44
156-22644	Xestión territorio- actividades xestión territorio	27.313,19
161-120	Saneamento auga-retribucións básicas funcionariado	10.523,38
161-121	Saneamento auga-retribucións complem funcionariado	8.893,84
161-129	Saneamento auga-gratificación paga extra	621,34
161-151	Saneamento auga-Gratificacións	600,00
165-150	Alumeado público- produtividade	3.954,90
231-120	Acción social-retribucións básicas funcionariado	5.063,24
323-131	Promoción educativa-retrib laboral temporal	24.271,58
325-130	Conservatorio- retribucións laboral fixo	17.233,06
332-13000	Bibliotecas-retrib. laboral fixo	5.698,66
334-130	Cultura-retrib. laboral fixo	14.539,04
334-131	Cultura-retrib. laboral temporal	7.157,53
334-121	Cultura-retrib. Complementarias funcionarios	2.036,88
341-22602	Deportes-Publicidade e propaganda	30.600,00
453-131	Estradas- retribucións laboral temporal	35.962,19
454-131	Camiños-retribucións laboral temporal	28.272,90
455-131	Praias- retribuciones laboral temporal	14.689,20
912-100	Órganos Gob-R. básicas e outras	48.426,46
912-16000	Órganos Gob-Seguridade Social	10.910,61
920-120	Admón Xeral-retribucións básicas funcionariado	120.502,51
920-121	Admón Xeral-retribucións complementarias funcionariado	26.786,79
927-121	Informática-retribucións complementarias funcionariado	1.260,48
927-151	Informática-gratificacións	1.221,65
931-121	Política económica-retribucións complementarias funcionariado	16.000,00
935-130	Recadación- retribucións laboral fixo	20.377,70
TOTAL		560.263,12

TERCEIRO: Expoñer ao público o expediente de concesión de crédito extraordinario nº 2/2011, e no BOP, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente se considerarán definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se houberen presentado reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

CUARTO: Unha vez aprobado definitivamente o expediente de concesión de crédito extraordinario nº 2/2011, será insertado e resumido por capítulos no BOP. Asímesmo, se remitirá copia do expediente á Administración do Estado e a da correspondente CCAA simultaneamente ao envío do BOP.

Vilagarcía de Arousa, 18 de novembro de 2011.

O ALCALDE,

Tomás J. Fole Díaz.

- Auséntase o Sr. Castro Ratón.

- O Sr. Fajardo Recouso pide explicacións sobre as reducións en materia de persoal.

- O Sr. Pardal Recouso di que son sobrantes de persoal e se utilizan para amortizar o préstamo.

- O SR. Fajardo Recouso contesta que había medio millón de € de sobrante.

Non habendo mais intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As/os representantes do grupo político municipal do PP, informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos políticos municipais de PSdeG-PSOE e BNG, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

O representante do grupo político municipal de EU, informa negativamente.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación do reintegro parcial de préstamos á entidade bancaria BBVA.

- Auséntase neste asunto o Sr. Castro Ratón.

- Intervén o Sr. Pardal García dicindo que o Real Decreto Lei 8/2010, de 20 de maio, polo que se adoptan medidas extraordinarias para redución do déficit público, dentro do capítulo VI, o Artigo 14, apartado 1, establece que se declaran recursos afectados os derivados da aplicación de medidas de redución de custos de persoal nos exercicios 2010 e 2011, que se destinarán coa orde de preferencia no que se relacionan as seguintes finalidades:

- a. A sanear o remanente líquido de Tesourería derivado da última liquidación, cando este fora negativo.
- b. A diminuír o endebedamento a longo prazo.
- c. Á financiación de investimentos (...)

Dado que a data de hoxe existen partidas no Capítulo I de gastos (correspondentes a gastos de persoal, así como outros), cuxa redución se podería realizar sen afectar á perturbación do servizo, polo importe de 560.263,12 €, e considerando que con data 24 de febreiro de este mesmo ano se procedeu á modificación de créditos, segundo expediente 1/BA/2011, na súa modalidade de baixa por anulación, por importe de 787.426,62 €, previa minoración dos gastos de persoal, por importe de 326.537,78 €, ó abeiro do citado Real Decreto Lei 8/2010, destinando dito importe á minoración do Remanente Líquido da Tesourería negativo, consideramos que a partida sinalada debería ir destinada a diminuír o endebedamento a longo prazo, pois situándonos no fin do exercicio de 2011, e de cara aos orzamentos para o ano 2012 e o Plan de Saneamento para os anos 2013 e 2014, esta medida resulta moi beneficiosa, dado que:

- a. Poderase confeccionar un orzamento realista, que mellore o Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais, e deste xeito camiñar cara un saneamento progresivo das arcas municipais.
- b. Melloraremos a Tesourería para o ano 2012, pois producirase un aforro considerable que permitirá dedicarse a pagos a provedores.

Co fin de acadar unha maior eficacia na amortización deste endebedamento, o que financeiramente convén a este Concello é amortizar aqueles préstamos que presenten xuros mais elevados, propoñéndose así:

- Préstamo BBVA (9521699407), por importe de 160.263,12 €
- Préstamo BBVA (ICO), por importe de 400.000,00 €

O préstamo ICO, concertado por 1.256.855,25 €, levado a Pleno nun primeiro momento con data 26/09/2011, e logo en data 6 de outubro, en Pleno Extraordinario, constituíu un instrumento excepcional que nos permitiu acceder ó crédito para o pago de débedas pendentes cos provedores, ante a falta de liquidez, pois dado que no mes de xaneiro se acudiu por parte do anterior goberno a unha operación de Tesourería por importe de 3.600.000 € a cal debería estar cancelada antes do 31 de decembro (tal e como tamén recolle o citado RDL no seu punto 3), non permitiría ata o ano 2012 concertar unha nova operación de Tesourería a curto prazo que permitise anticipar liquidez para pagar a provedores.

Dado que coa amortización do 560.263,12 €, que hoxe se propón, se poderá acadar un aforro total de 618.690,94 €, dos que 315.195,60 € xa poderán ser utilizados no ano 2012 para o pago de facturas, sendo o resto: 151.747,67 € para o exercicio de 2013 e a mesma contía para o 2014, conseguíndose deste xeito, ademais dun importante aforro, o poder destinar liquidez ás arcas municipais, pois a un mes vista poderase acceder por parte deste Concello a financiamento a curto prazo, abríndose a posibilidade de utilización de diversos produtos financeiros, sendo necesaria a aprobación desta amortización neste Pleno, xa que esta medida terá unha repercusión directa no orzamento de 2012, así como no Plan de Saneamento, ademais de ter que ser aprobada esta medida antes do 31 de decembro de 2012, é dicir, dentro da vixencia do actual orzamento.

Polo exposto, esta medida, derivada dun importante aforro de créditos consignados no orzamento para persoal, fundamentalmente permitirá un importante aforro que se verá reflectido no orzamento para o ano 2012, o cal estará confeccionado en base á realidade dos ingresos, freando deste xeito o progresivo deterioro do Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais, e en consecuencia evita un progresivo incremento das facturas pendentes de pago a provedores, froito precisamente dun orzamento que contempla un volume de gasto moi superior ás posibilidades de ingresos.

- Intervén o Sr. Fajardo Recouso dicindo que este 1º e único punto que trae o grupo de goberno demostra un goberno fraudulento, por que teñen unha maioría comprada e EU solicita unha copia do pacto.

A 2ª cuestión é que levan 5 meses falando de falta de cartos para a festa do 31 de decembro, para as actividades culturais, servizos sociais, e hai un remanente de 560.000 € para reducir xuros de un crédito aprobado fai un mes. A EU sorpréndelle a día de hoxe que aplican a reforma constitucional, primeiro págase á banca. Pregunta se non era posible dedicar eses 560.000 € para servizos municipais.

Estes cartos derivan de gastos de persoal e dese xeito serán menos en salarios e en emprego e llos entregan ao BBVA.

O Concelleiro dixo na Comisión Informativa que había consignación pero non cartos. Deben identificar as prioridades. Como é posible que se prefira aboar créditos en vez de dedicalos ao día a día. Ou o Grupo de Goberno está enganando ou hai prioridade en pagarlle ao banco.

- Intervén a Sra. Lorenzo Fraga preguntando que, que tipo de pleno sería este se os grupos da oposición non presentaran mocións e lémbrale ao Sr. Alcalde as súas intervencións no Pleno de 30 de setembro de 2010, que dicía que *“a orde do día de hoxe é raquílica e o Grupo de Goberno leva en folga moitos meses e só ocupan o 30% dos asuntos totais do Pleno e inclúen 2 mocións do BNG e PSOE sacadas do baúl dos recordos.”*

Pregúntase se están en folga ou hai falta de xestión total.

Entrando en debate a proposta ven marcada pola nova composición da Corporación onde se despreza o diálogo prometido na investidura. É unha iniciativa que o BNG non comparte, porque incrementa o déficit e o resultado negativo de 2011, e o Alcalde xa dixo que este ano haberá un resultado económico negativo record e esperamos que asuma a súa responsabilidade.

O segundo motivo é que esta decisión condiciona a liquidez e hai recursos que están nos bancos e podería facerse fronte ás débedas a través da caixa única. É unha manobra de enxeñería financeira para o próximo orzamento. Hai outras consideracións máis específicas.

Suprímense 16.000 € do Plan de Protección Civil e o BNG pregúntase se é o Sr. Fole o que nega o Plan, suprímense 27.000 € de xestión do territorio e aí podería ir o tema da Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial.

Tamén se suprimen 30.000 € para Deportes, que estaba prevista para o Basket Cap e por último incide nun tema xurídico, este tipo de recursos se destinarán, segundo orde de

preferencia: sanear remanente líquido tesourería negativo e se tería que aplicar dese xeito e non para diminuír o nivel de endebedamento.

O BNG fai as reservas oportunas ante as responsabilidades en que pode incorrer o Grupo de Goberno.

- Intervén a Sra. García Sanmartín dicindo que a Orde do Día do Pleno é un reflexo da inoperancia do Grupo de Goberno. Non vai a falar dos orzamentos pero estamos a finais de novembro e non traen os orzamentos ao Pleno.

O Alcalde dixo durante 6 meses que non había cartos e agora mesmo apareceron case 600.000 € para amortizar débeda.

O PSdeG-PSOE non vai a aprobar a proposta por que hai outras áreas como Servizos Sociais onde aplicar estes cartos, pagar a acredores, etc.

Incide en que xa vale de mentiras.

- Intervén o Sr. Pardal García dicindo que o remanente líquido de Tesourería é moi alto en sentido negativo. Cando se solicitou o préstamo ICO había unha necesidade apremiante de liquidez, pois xa se pedira unha operación de Tesourería e cancelouse co IBI, e nese momento non había liquidez. Agora preténdense aforrar 60.000 € en xuros de BANCOS.

- Intervén o SR. Fajardo Recouso dicindo que o Grupo de Goberno vai a pagarlle ao BBVA con estes cartos.

O único que pretende é cadrar contas e aparentar.

Dilles que deixen prescindan dos salarios do Alcalde e Concelleiras liberadas, pois son un dos gobernos mais caros da provincia.

- Intervén a Sra. Lorenzo Fraga dicindo que o BNG é moi claro na súa postura, non apoian a iniciativa. As operacións de Tesourería van a ter gastos por outra banda e se saltan o Real Decreto.

- Intervén a Sra. García SANmartín dicindo que o Concello vai a ir ao BBVA a amortizar, pero non entenden nada.

- Intervén o Alcalde dicindo que deben informarse nos Departamentos Municipais sobre os asuntos municipais. O Grupo de Goberno responde coa súa xestión, chegouse a esta situación económica por unha serie de cousas:

- No ano 2008 o Concello tivo 28.000.000 € de ingresos e gastaron 29.000.000 €: 1.300.000 € mais.
- No ano 2009 o Concello tivo 31.000.000 € de ingresos e gastaron 32.500.000 €: 1.500.000 € mais.
- No ano 2010 o Concello tivo 28.500.000 € de ingresos e gastaron 30.000.000 €: 1.400.000 € mais.

Sumados exceden os 4.000.000 €, é dicir, o Bipartito gastou igual, aínda non tendo cartos.

Agora dentro do futuro plan de saneamento adoptanse medidas e antes non houbo intención de facelo. Hai diálogo, actualmente cos voceiros, pois en tempo e forma mandouse a liquidación do orzamento de 2010. Por outra banda, o 21 de novembro houbo unha xuntanza de voceiros e non apareceu nin o do BNG nin de EU.

A Sra. Lorenzo Fraga facía referencia a varias partidas, unha delas para deportes, para subvencións e actividades, que foron as que anulaban o anterior Grupo de Goberno no mes de febreiro de 2011.

Hai que ser claros co que se trae ao Pleno. Como primeira medida do Plan de Saneamento esta é unha delas.

Tanto PSdeG-PSOE como BNG din por que non se dedican a servizos sociais, e iso non o formula o Real Decreto, non contempla esa posibilidade.

Pódese discutir se pode ir ao remanente líquido negativo ou a endebedamento. Se seguimos gastando como antes, de onde se sacan os cartos para poder pagar, hai que aforrar. Os temas económicos pódense consensuar se veñen ás reunións os voceiros.

Sometido a votación polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con dez votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PP , cinco abstencións, pertencentes ós membros do grupo político municipal do PSdeG-PSOE, e catro votos en contra, e pertencentes ós membros dos grupos políticos municipais do BNG (2) e EU (2),

ACÓRDASE:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o expediente de concesión de crédito extraordinario nº 2/2011, en relación ás aplicacións orzamentarias relacionadas a continuación:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
011-913 "Débeda pública-amortiz. préstamos"	556.263,12
011- 310 "Débeda pública-xuros préstamos"	2.200
011-341 "Débeda pública. Outros gastos financeiros"	1.800
TOTAL	560.263,12

SEGUNDO: Os medios e recursos que han de financiar os aumentos que se propoñen ao amparo do disposto no artigo 174.4 do TRLFL 2/2004 son os seguintes:

- Baixas de créditos de gastos das seguintes aplicacións do orzamento vixente:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
132-121 Seguridade-retribucións complementarias funcionariado	36.880,36
134-22608 Protección civil-Plan Protección civil	16.741,19
151-131 Xerencia urbanismo- retribucións persoal laboral	23.724,44
156-22644 Xestión territorio- actividades xestión territorio	27.313,19
161-120 Saneamento auga-retribucións básicas funcionariado	10.523,38
161-121 Saneamento auga-retribucións complem funcionariado	8.893,84
161-129 Saneamento auga-gratificación paga extra	621,34
161-151 Saneamento auga-Gratificacións	600,00
165-150 Alumeado público- produtividade	3.954,90
231-120 Acción social-retribucións básicas funcionariado	5.063,24
323-131 Promoción educativa-retrib laboral temporal	24.271,58
325-130 Conservatorio- retribucións laboral fixo	17.233,06
332-13000 Bibliotecas-retrib. laboral fixo	5.698,66
334-130 Cultura-retrib. laboral fixo	14.539,04
334-131 Cultura-retrib. laboral temporal	7.157,53
334-121 Cultura-retrib. Complementarias funcionarios	2.036,88
341-22602 Deportes-Publicidade e propaganda	30.600,00
453-131 Estradas- retribucións laboral temporal	35.962,19
454-131 Camiños-retribucións laboral temporal	28.272,90
455-131 Praias- retribuciones laboral temporal	14.689,20
912-100 Órganos Gob-R. básicas e outras	48.426,46
912-16000 Órganos Gob-Seguridade Social	10.910,61
920-120 Admón Xeral-retribucións básicas funcionariado	120.502,51

920-121	Admón Xeral-retribucións complementarias funcionariado	26.786,79
927-121	Informática-retribucións complementarias funcionariado	1.260,48
927-151	Informática-gratificacións	1.221,65
931-121	Política económica-retribucións complementarias funcionariado	16.000,00
935-130	Recadación- retribucións laboral fixo	20.377,70
	TOTAL	560.263,12

TERCEIRO: Expoñer ao público o expediente de concesión de crédito extraordinario nº 2/2011, e no BOP, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente se considerarán definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se houbesen presentado reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

CUARTO: Unha vez aprobado definitivamente o expediente de concesión de crédito extraordinario nº 2/2011, será insertado e resumido por capítulos no BOP. Así mesmo, se remitirá copia do expediente á Administración do Estado e a da correspondente CCAA simultaneamente ao envío do BOP.

- Incorporárase o Sr. Castro Ratón.

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG SOBRE RECORTES NO PLAN CONCERTADO DA XUNTA DE GALICIA.-

Pola Sra. Secretaria dáse lectura ó ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, en sesión celebrada o día 24 de novembro de 2011, do seguinte teor:

Dáse conta da Moción presentada polo Grupo Municipal do BNG coa data de 8 de novembro de 2011, do teor seguinte:

“RECORTES DO PLAN CONCERTADO DA XUNTA DE GALIZA.

O Plan Concertado de Prestacións Básicas de Servizos Sociais é un instrumento fundamental de cooperación entre os Concellos, a Xunta de Galiza e a Administración do Estado ,por medio do cal se cofinancian os servizos sociais municipais e permiten garantir as prestacións básicas e a atención aos veciños e veciñas. O Plan Concertado cobre os custes seguintes:

- Persoal dos servizos sociais.
- Gastos de mantemento dos servizos sociais comunitarios.
- A prestación do servizo de Axuda no Fogar, incluíndo a prestación do servizo de Axuda no Fogar para persoas valoradas como dependentes e a prestación básica.
- A xestión e realización dos programas básicos de prevención, inserción, cooperación e fomento da solidariedade e outros destinados a intervencións comunitarias.
- Investimentos: adquisición, construción, reforma, ampliación, mellora ou acondicionamento de equipamentos de servizos sociais.

Nestes días están a chegar aos concellos as resolucións deste Plan, cun recorte drástico e inxustificable nas achegas da Xunta de Galiza relativas aos gastos anteriores englobados no Plan Concertado de Prestacións Sociais Básicas, no Programa de Servizos Sociais Comunitarios e no Plan de Desenvolvemento Xitano.

Xusto cando, por efecto da crise económica, maior é a necesidade de recursos e prestacións sociais para atender ás persoas que con máis dureza están a sufrir as súas consecuencias, o PP, na Xunta de Galiza vén de suprimir e recortar as achegas que desenvolven servizos sociais básicos.

Este recorte ao Plan Concertado obriga aos concellos a facer fronte ás necesidades e programas contraídos este ano 2011 con fondos propios, o que vai afectar aos servizos sociais municipais, e ao que hai que engadir outra grave problemática: o retraio no pagamento

das partidas asignadas e comprometidas. Hai que destacar que no mes de outubro os concellos aínda non recibiron da Xunta de Galiza as subvencións do Plan Concertado, cando os concellos veñan realizando o gasto dende o mes de xaneiro.

A Xunta de Galiza e o Parlamento Galego, alén da incerteza do que vai pasar en 2012 e anos seguintes, deben resolver este tema de inmediato para asegurar e garantir os recursos necesarios para que os concellos sigan ofrecendo á sociedade os servizos e prestacións sociais que demanda e precisa, especialmente diante da crise económica e social que atravesamos.

Por todo isto, propoñémoslle ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte:

ACORDO:

1. Instar á Xunta de Galiza á restitución inmediata dos créditos eliminados para o financiamento do Plan Concertado do ano 2011, que significou o recorte de 2,4 millóns de euros, que permitirá continuar cos programas englobados no citado plan de servizos sociais e de prestacións básicas e atención ás familias e colectivos con problemas.
2. Instar á Xunta de Galiza a que nos Orzamentos de 2012:
 - Garanta como mínimo as cantidades consignadas no 2009 para o Plan Concertado e o Programa de Servizos Sociais Comunitarios.
 - Atender así mesmo á execución do Plan Especial de Atención á Comunidade Xitana e o Programa de Atención a persoas sen Fogar, polo gran incremento sufrido.
 - Restablecer e incrementar os fondos destinados aos concellos para apoio ás familias.
3. Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno do Estado o mantemento das cantidades que a Administración do Estado tiña destinadas o pasado ano 2010 ao cofinanciamento dos plans e programas sociais, minorados polo acordo do Consello de Ministros do mes de febreiro pasado.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As/os representantes dos grupos políticos municipais do B.N.G., PSdeG-PSOE e EU informan favorablemente.

As/os representantes do grupo político municipal do PP, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da Moción presentada polo Grupo Político Municipal do BNG sobre recortes do Plan Concertado da Xunta de Galicia.

Debaterase conxuntamente a presente Moción do Grupo Municipal do BNG e a do PSdeG-PSOE sobre o financiamento dos Servizos Sociais.

- Intervén a Sra. Lorenzo Fraga dicindo que se debe respectar aos Concelleiros da Corporación e deben facer as xuntas de voceiros a outras horas e non ás 12:30 horas. Deben facerse a primeira hora, á última ou pola tarde.

Di que pola Xunta de Galicia se fixeron recortes de financiamento que van en contra das familias máis necesitadas. Produciuse o maior recorte en prestacións básicas. Ademais de non conceder para o Departamento Municipal de Servizos Sociais determinadas axudas, e está claro que ante estes datos e recortes son numerosas as mentiras do Sr. Feijoo e de Dona Beatriz Mato.

Estes datos evidencian unha mentira. No ámbito local está a Xunta de Galicia provocando a ira de moitos Alcaldes e o BNG pregúntase pola reacción do Goberno Local de Vilagarcía.

Presentouse polo Concello 1.421.000 € de orzamento total, 139.000 € para gastos de persoal e logo varias peticións. É unha situación delicada, de feito neste ano 2011 non se recibiu nada sobre axuda no fogar dende a Xunta de Galicia.

Estase vulnerando un dereito recoñecido pola Lei de Dependencia. Hai moito onde recortar e non daqueles que mais o necesitan, e por iso solicitan que se consignen no Concello as mesmas cantidades que nos anos 2009 e 2010, e se esixa á Xunta de Galicia unha maior aportación.

- Intervén a Sra. García Sanmartín dicindo que a Moción do PSdeG-PSOE esixe que se garantan os servizos sociais e esixen que actúe Vilagarcía de Arousa como outros Concellos, pois Meaño presentou un recurso de reposición contra a decisión da Xunta en materia de Servizos Sociais.

O Plan Concertado é unha cofinanciación entre o Estado, a Xunta de Galicia e os Concellos, e se puxo en marcha por un goberno socialista. O SPAD cofinanciase con aportacións doutros Concellos, e na Illa reduciron a aportación para o SPAD debido á resposta da Xunta de Galicia. Pregunta como vai a facer o Concello para facer fronte aos servizos sociais e se vai aplicar o copago. Deben antepoñerse os intereses dos vilagarcíans e debese presentar un recurso de reposición e o PSdeG-PSOE estaría de lado do Grupo de Goberno.

- Intervén o Sr. Fajardo Recouso dicindo que antes de intervir quere facer unha petición: As xuntas de voceiros deben ser a outra hora, antes das 9 da mañá ou despois das 8 da tarde e debe comportarse o Sr. Fole como un Alcalde sen insultar ao Grupo Municipal de EU. Debe respectar á posición.

O Alcalde non escoita a EU nin a ningún compañeiro do BNG.

Estas mocións enlazan co tema de hoxe, non se pode recortar todo. O Servizo de atención a domicilio é fundamental para saír da crise, por que creaba emprego. A partir de agora cando morran os anciáns non se contratará a outra persoa. Cando se recorta en asistencia persoal non se xera emprego.

EU pide saber se o servizo de axuda no fogar vai a seguir como está na actualidade, ¿Como van a compensar as perdas de ingresos da Xunta de Galicia?, xa que os dependentes teñen un 80% menos para servizos sociais.

- Intervén a Sra. Rodríguez Arias dicindo que o ano pasado gastáronse 8.000 € na festa das uvas e 36.000 en alumado no Nadal, pero o Sr. Fajardo non quere que se recorte na festa das uvas nin no alumado de Nadal.

Gustaríalle aclarar que non falan de mentiras, anunciouse un incremento dos servizos sociais na Xunta de Galicia, pero o Plan Concertado ten financiación estatal, e a Xunta de Galicia tivo que axustar o orzamento porque o goberno central recortou un 10% por una Resolución de Política Social. O que o Estado destinou a Galicia foron 10.700.000 € e a Xunta de Galicia 40.900.000 €, se a Xunta de Galicia fixera o mesmo que o Estado non habería Plan Concertado nos Concellos de Galicia.

No ano 2010 o Estado aportou 14.500.000 €. O Goberno do Estado reduciu un 22% o financiamento aos servizos comunitarios, e nun plan de desenvolvemento xitano o Estado levou a cabo un recorte do 12%.

A Xunta de Galicia incrementou a axuda no fogar para os dependentes. Na actualidade a maior parte dos Concellos recibiron as axudas para Servizos Sociais.

A Consellería de Trballo é consciente da situación dos concellos e está traballando nun novo Decreto para recibir o pago do 50% no primeiro trimestre de 2012, e este pasado sábado na Asemblea da FEGAMP houbo unha mesa de debate e aprobáronse 19 resolucións, e o 100% dos Alcaldes presentou unha resolución que o Grupo de Goberno de Vilagarcía pode asumir

como emenda as Mocións, que consiste no pronto pago por parte da Xunta de Galicia das subvencións de servizos sociais.

Hai que reclamar prazos á Xunta de Galicia para transferir as subvencións relativas aos servizos sociais dos Concellos no primeiro trimestre do ano.

A Sra. García Sanmartín sabe que na etapa socialista levaronse a cabo os maiores recortes sociais, o líder político que introduciu o debate sobre a dependencia foi o Sr. Vázquez, do PSOE. Debense priorizar os servizos sociais, pero o copago xa existe no servizo de axuda a domicilio actualmente.

- Intervén a Sra. Lorenzo Fraga dicindo que este ano gastáronse en Vilagarcía de Arousa 50.000 € co PP nun concerto de hora e media. Nos orzamentos de Vilagarcía contabilizase o diñeiro do Plan Concertado para Vilagarcía e de que nos vale esa axilización no pagamento se hai recortes do 50%. Houbo reunións da Xunta cos Alcaldes de Galicia, pero os Alcaldes do Salnés entraron en cólera e estannos dando a razón, por que dixeron dende a Xunta que non habería recortes en servizos sociais.

O Grupo de Goberno no debe conformarse con todo o que veña da Xunta de Galicia e do Estado e deben antepoñer os intereses dos Vilagarcíans e con respecto á emenda o BNG non a vai aceptar.

- Intervén a Sra. García Sanmartín dicindo que As Leis de Educación, Sanidade, Dependencia e Igualdade aprobáronse cun Goberno Socialista no Estado. O estado reduxo o 5% en xeral pero aquí falamos dunha redución na Xunta de Galicia dun 80%.

O Goberno da Xunta de Galicia debe incrementar os servizos sociais. O PSdeG-PSOE pide que se defenda aos menos favorecidos.

A Xunta de Galicia debe manter a contía do ano pasado. Di que ela estivo 8 meses no anterior goberno local e en servizos sociais no Concello fíxose unha gran xestión. Deben facer como o Alcalde de Meaño, interpoñer recurso de reposición.

- Intervén o Sr. Alcalde dicindo que o Alcalde de Meaño non ten débedas como as que deixou o Bipartito no Concello de Vilagarcía de Arousa.

- Intervén o Sr. Fajardo Recouso indicando que se di que non hai cartos para as uvas e se dan cartos para a revista parroquial.

EU non insulta cando di que comprou cun posto no senado a maioría absoluta no Concello. Cando teñan un acordo de goberno en base a criterios políticos poderán estar de acordo co pacto.

Pregunta que vai a facer o Concello cos servizos sociais. Vai a completarse con diñeiro público, vai a pagar o usuario, etc.

O Grupo de Goberno non ten propostas, non ten iniciativa propia. A Xunta de Goberno Local van poucos asuntos de servizos sociais en comparación co anterior Goberno Local.

- Intervén a Sra. Rodríguez Arias dicindo que o Estado de Benestar é grazas ao traballo de todos. O Goberno Socialista eliminou os 400 € do IRPF, o cheque bebé, conxelaron as pensións, reduciron o salario dos empregados públicos, incrementaron a idade de xubilación aos 67 anos. Hai acertos e erros.

Falase dun recorte do 12% no Plan Concertado. A Sra. Lorenzo Fraga téñ experiencia e debese traballar, e neso están, pero non se pode gastar o que non se ten.

A resolución da FEGAMP foi aceptada por todos. É unha alternativa.

- Intervén a Sra. García Sanmartín dicindo que o PSdeG-PSOE está disposto a incluír a emenda do PP se aceptan o resto da moción.

- Contesta a Sra. Rodríguez Arias que non están de acordo coa moción.

Sometido a votación polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con dez votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (5), BNG (3) e EU (2) e dez votos en contra, pertencentes ós membros do grupo político municipal do PP. Prodúcese un empate polo que se repite a votación co mesmo resultado decidindo o voto de calidade do Sr. Alcalde, e polo tanto,

ACÓRDASE: Rexeitar a Moción presentada polo Grupo Político Municipal do BNG sobre recortes do Plan Concertado da Xunta de Galicia.

- Auséntase o Sr. Tarrío Fernández

7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE POLÍTICAS DE PREVENCIÓN E TRATAMENTO DA VIOLENCIA DE XÉNERO.- Pola Sra. Secretaria dáse lectura ó dictame emitido pola Comisión Informativa de Tránsito e Benestar, en sesión celebrada o día 24 de novembro de 2011, do seguinte teor:

Pola Secretaría dase conta da Moción presentada polo Grupo Municipal do BNG, coa data de 8 de novembro de 2011, do teor literal seguinte:

POLÍTICAS DE PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO

A violencia de xénero constitúe unha vulneración dos dereitos fundamentais das mulleres. É a manifestación máis clara e brutal da desigualdade aínda existente entre mulleres e homes na nosa sociedade, poñendo de manifesto que falta moito camiño por andar até rematar completamente coa discriminación e subordinación das mulleres e acadar unha sociedade igualitaria.

Nos últimos anos déronse pasos importantes no eido legal, superando a visión que reducía o problema ao ámbito privado e asumindo que a loita contra a violencia de xénero é un problema de primeira orde e que na súa erradicación e deben implicarse o conxunto de poderes públicos e toda a sociedade.

O Parlamento de Galiza no ano 2007 deu un paso moi importante nesta dirección ao aprobar unha lei específica que trata integralmente todo o referente á violencia de xénero. A citada lei, por vez primeira, fai un tratamento da violencia de xénero desde unha perspectiva integral, recoñece dereitos económicos e sociais para as mulleres que se atopan unha situación de violencia machista e impón unha serie de obrigas para as administracións públicas de carácter tanto preventivo, como formativo e de asistencia ás vítimas. Mais hai outro relevante que introduce esta norma, a apertura dos recursos sociais a todas as mulleres con independencia de que contén cunha orden de protección ou non. Unha medida necesaria que pretende incrementar os resortes institucionais de apoio as mulleres. A aprobación desta lei supuxo ademais o compromiso firme de incremento dos recursos destinados na Galiza a loita contra a violencia de xénero.

Non obstante a día de hoxe, e a pesar das diversas peticións do BNG, o goberno de PP na Xunta de Galiza, non puxo en funcionamento os instrumentos legislativos previstos para a protección das vítimas de violencia de xénero, é máis, parece considerar prescindíbeis e superfluas a maior parte das accións preventivas e doutro tipo que se viñan poñendo en marcha nos últimos anos de cara á erradicación da violencia de xénero.

Entre as previsións pendentes de desenvolvemento na Lei está a creación do Observatorio Galego da Violencia de Xénero, un órgano institucional da Xunta de Galiza que ten por obxecto encargarse do estudo, avaliación e seguimento das políticas de violencia de xénero. Unha medida importante a fin de contar con organismos e persoal especializado que permita facer

unha análise sostida no tempo sobre a efectividade das medidas tomadas neste terreo e, consecuentemente, mellorar a eficacia das políticas e recursos que se adican a esta finalidade. Xa no informe elaborado a finais de 2008 pola Secretaría Xeral de Igualdade sobre o desenvolvemento da Lei 11/2007, se puña de manifesto a existencia dun borrador de decreto no que se estaba traballando a fin de poder cumprir con este mandato legal de poñer en funcionamento o Observatorio, e a pesar disto, a día de hoxe, non hai ningunha medida ao respecto.

Xa o pasado ano, no mes de novembro, con motivo do Día da Non Violencia Contra as Mulleres, puñamos de manifesto desta cuestión, máis estes e outros aspectos do texto legal fican aínda por desenvolver. Existen ademais moitas medidas que é necesario seguir a impulsar de xeito continuado para lograr que sexan eficaces. Por exemplo, nas medidas de sensibilización social ou de formación das e dos profesionais que traballan en sectores relacionados,. Directa ou indirectamente, co tratamento de vítimas de violencia de xénero, cousa que non se está a facer. Non podemos permitir que se inclúan as políticas dirixidas á loita contra a desigualdade entre mulleres e homes entre esas materias das que se pode prescindir coa excusa da austeridade, mentres os cartos públicos se seguen a malgastar en outros temas de moita menos relevancia. A erradicación da violencia contras as mulleres debe ser unha prioridade de calquera goberno, que ten que materializarse na mobilización de recursos e no cumprimento das disposicións legais vixentes nesta materia.

Pero se non chegara coa paralización do desenvolvemento da lei e das políticas destinadas á prevención, estamos asistindo ao desmantelamento das poucas estruturas básicas coas que a administración galega contaba neste ámbito, baste recordar a disolución realizada o ano pasado do Servizo Galego de Igualdade. Tamén se ve esta mesma tendencia na considerábel redución económica das partidas orzamentarias destinadas a sufragar o mantemento das medidas de prevención da violencia de xénero.

Por todo isto, propoñémoslle ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO:

1. Instar á Xunta de Galiza a que impulse a posta en funcionamento das obrigas impostas pola Lei 11/2007 que están pendentes de desenvolvemento; en concreto, a creación do Observatorio Galego da Violencia de Xénero e a posta en marcha do Centro de Recuperación Integral.
2. Que faga unha planificación para a realización de campañas periódicas de sensibilización contra a violencia de xénero, que se realice á formación das e dos profesionais implicados na atención e tratamento das vítimas, e que garanta o dereito á atención psicolóxica no ámbito sanitario público cuestión tamén recollida na lei.
3. Dar traslado deste acordo ao presidente da Xunta de Galiza, así como os grupos parlamentarios do Parlamento de Galiza.

Vilagarcía de Arousa, 25 de outubro de 2011.

Xosé Castro Ratón.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As/os representantes do grupo político municipal do BNG, informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos políticos municipais de PP, PSdeG-PSOE e EU-IU, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da Moción presentada polo Grupo Municipal do BNG sobre políticas de prevención e tratamento da violencia de xénero.

- Intervén o Sr. Castro Ratón dicindo que o BNG presenta esta Moción, que non foi asumida dentro do manifesto pero non é incompatible. Estaría ben que cando haxa unha vítima de violencia de xénero se faga unha concentración no Concelloe hoxe houbo en Terrasa unha nova vítima.

Na moción fálase de intervir nas direccións seguintes:

Coñecer unha realidade poñendo en marcha o Observatorio Galego da violencia de xénero.

Proceder á sensibilización social no tema xuvenil, algo que deixa entrever o manifesto do Consello da Muller.

Fai fincapé en que desapareceu o Servizo Galego de Igualdade e débese instar á Xunta de Galicia para que poña en marcha as medidas da Lei 11/2007.

- Intervén o Sr. Fajardo Recouso dicindo que EU comparte a iniciativa da Moción. Debese traballar no emprego, pois se non hai independencia económica, non hai igualdade. Débese dignificar o traballo da Concellería da Muller, pois non é discreta a situación e pide que se traslade ese departamento para poder garantir o segredo das situacións, xa que os Concelleiros teñen que marchar das oficinas dos respectivos grupos políticos para non escoitar as conversas.

- Intervén o Sr. Alcalde dicindo que está previsto trasladar ese servizo a outra dependencia.

- Intervén a Sra. García Sanmartín dicindo que imos de recorte en recorte e o PSdeG-PSOE critica ao goberno da Xunta de Galicia, pois debe evitarse o maltrato nos fogares e deixar de financiar a rede madre, que trata de axudar economicamente ás mulleres con recursos escasos que desexan abortar.

- Intervén a Sra. Suárez Sarmiento dicindo que lonxe de recortar, a Xunta de Galicia no Orzamento incrementa para este ano as axudas de 12 meses de duración a mulleres vítimas de violencia de xénero.

Para o 2012 a educación, prevención e inserción laboral son prioritarias por parte da Xunta de Galicia. Apoiase ás mulleres emprendedoras. En canto ao Observatorio está integrado nun novo Decreto que está para saír a exposición pública. A sociedade implícase e responsabilízase. No ano 2011 a través da Escola Galega da Saúde fixéronse actividades.

- Intervén o Sr. Castro Ratón dicindo que o Observatorio e o Centro de Recuperación Integral aínda non funcionan.

Sometido a votación polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con dez votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (5), BNG (3) e EU (2), e nove votos en contra, pertencentes ós membros do grupo político municipal do PP (9),

ACÓRDASE: Aprobar a Moción do Grupo Municipal do BNG sobre políticas de prevención e tratamento da violencia de xénero e:

1. Instar á Xunta de Galiza a que impulse a posta en funcionamento das obrigas impostas pola Lei 11/2007 que están pendentes de desenvolvemento; en concreto, a creación do Observatorio Galego da Violencia de Xénero e a posta en marcha do Centro de Recuperación Integral.
2. Que faga unha planificación para a realización de campañas periódicas de sensibilización contra a violencia de xénero, que se realice á formación das e dos profesionais implicados na atención e tratamento das vítimas, e que garanta o dereito á atención psicolóxica no ámbito sanitario público cuestión tamén recollida na lei.

3. Dar traslado deste acordo ao presidente da Xunta de Galiza, así como os grupos parlamentarios do Parlamento de Galiza.

8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE ESQUERDA UNIDA SOBRE "RETIRADA VALADOS OBRAS PÚBLICAS"..-

Pola Sra. Secretaria dáse lectura ó dictame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, en sesión celebrada o día 24 de novembro de 2011, do seguinte teor:

Pola Secretaria dáse conta da Moción presentada polo Grupo Municipal de EU coa data de 22 de novembro de 2011, do teor seguinte:

GRUPO MUNICIPAL DE ESQUERDA UNIDA

MOCIÓN: "RETIRADA VALADOS OBRAS PÚBLICAS".

PROPÓN PARA O SEU DEBATE NO PLENO, A PRESENTE MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O noso concello está cheo de valos publicitarios e de obras públicas, moitos dos cales pertencen a obras xa rematadas, algún incluso con décadas de antigüidade, elementos que ademais xeralmente están moi deteriorados, producindo un efecto pouco agradable para a limpeza e excelencia que pretende o noso concello.

Esta situación lonxe de arranxarse continúa tras o elevado número de obras producidas con aquel chamado Plan E, que xerou en Vilagarcía non poucos problemas de ineficaz elección das obras e proxectos a realizar, que recordemos se fixo por decisión exclusiva dunha parte do anterior goberno. Todo este conxunto de elementos que están presentes a parte de nas circunvalacións, obras do Ave, Xardíns Dr. Fleming, Rei Daviña, etc... son un exemplo de desinterese por conservar o entorno, que produce un efecto nocivo sobre os veciños, que ven como a propia administración non cumpre un mínimo de criterio cívico que esixe a eses propios veciños, xerando polo tanto certa apatía na cidadanía en canto a conservación e limpeza se refire, en definitiva provocando "contaminación audiovisual", e incluso riscos polo deterioro que algún presenta, e q fronte a chegada do inverno, supoñen un incremento do risco por desprendemento ou caídas.

Por todo isto propónse que o pleno da corporación adopte o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- O Concello procederá a retirar tódolos valados publicitarios e de obras xa rematadas que sexan da súa competencia. No caso de non ser obras da súa competencia, procederá a dirixirse as administracións responsábeis ou empresas adjudicatarias para que retiren os valados, petición que de non ser atendida será realizada polo concello, coa posterior solicitude de reembolso dos gastos ocasionados.

Asd. Juan M. Fajardo Recouso

Voceiro de Esquerda Unida.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As/os representantes dos grupos políticos municipais do B.N.G., PSdeG-PSOE e EU informan favorablemente.

As/os representantes do grupo político municipal do PP, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da Moción presentada polo Grupo Político Municipal de EU sobre retirada valados obras públicas.

- Intervén o Sr. Fajardo Recouso dicindo que EU solicita a retirada dos valados por parte do Concello ou que o faga o Concello e lle liquide os gastos ao dono do cartel.
- Intervén o Sr. Abuín Rodríguez dicindo que é unha realidade que está aí. Hai obras onde se quitou o cartel principal pero segue o cartel publicitario da obra e o BNG apoia a moción.
- Intervén a Sra. García Sanmartín dicindo que se deben retirar os carteis electorais e o Concello debe dar exemplo e non colocar a súa publicidade en postes, farois, etc.
- Intervén a Sra. Rodríguez Arias dicindo que non é so o Concello quen pega os carteis. Nas últimas eleccións dous partidos políticos taparon os valos publicitarios das obras. O Grupo de Goberno apoia a moción, coa seguinte modificación: "O Concello reclamará aos responsables a retirada dos valados de obras.
- O Sr. Fajardo Recouso di que aceptan a emenda do PP pero se non o fai a Empresa unha vez reclamada a retirada o fará o Concello.
- Intervén o Sr. Alcalde dicindo que aceptan a proposta de EU.

Sometida a votación a Moción polo Sr. Alcalde coa emenda do PP da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos Concelleiros presentes no Pleno (19 de 21),

ACÓRDASE: Aprobar a Moción presentada polo Grupo Municipal de EU sobre retirada de valados de obras públicas e adoptar o seguinte acordo:

O Concello reclamará aos responsables a retirada de tódolos valados publicitarios e de obras xa rematadas que sexan da súa competencia. Nos supostos de incumprimento levará a cabo o Concello a retirada, cargando os custes aos titulares dos carteis.

No caso de non ser obras da súa competencia, procederá a dirixirse as administracións responsábeis ou empresas adxudicatarias para que retiren os valados, petición que de non ser atendida será realizada polo concello, coa posterior solicitude de reembolso dos gastos ocasionados.

- Incorporárase o Sr. Tarrío Fernández.

9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE SOBRE COMEDORES ESCOLARES.- Pola Sra. Secretaria dáse lectura ó ditame emitido pola Comisión Informativa de Traballo e Benestar, en sesión celebrada o día 24 de novembro de 2011, do seguinte teor:

Pola Secretaria dáse conta da Moción presentada polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, coa data de 23 de novembro de 2011, do teor seguinte:

MOCIÓN: Sobre COMEDORES ESCOLARES

Tania García Sanmartín, na súa condición de voceira do Grupo Municipal Socialista no Concello de Vilagarcía de Arousa comparece e como mellor en dereito proceda DI:

Ao abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte:

Exposición de motivos

A Consellería de Educación ditou para o curso 2011-12 a Instrución 1/2011 sobre a normativa a aplicar nos comedores escolares que dependen da Consellería de Educación. Nesa Instrución hai un parágrafo que amosa especialmente a actitude do goberno de Feijoo nestes momentos de crise. Baste con citar este parágrafo:

*Para evitar que se produzan **actuacións fraudulentas dos obrigados a pagar o servizo**, todas as persoas usuarias do comedor que non estean ao corrente das súas obrigas de pagamento, isto é, **que teñan pendente calquera cantidade, por mínima que sexa**, deberán ser excluídas do servizo, polo que non deberán figurar nas listas provisionais de usuarios, calquera que sexan as súas circunstancias económicas, persoais, etc. Estas persoas só poderán adquirir a condición de usuarios cando acrediten o pagamento de todas as cantidades que deban, e sempre que o fagan antes da publicación dos listados definitivos. Despois desa publicación, non terán dereito a usar o comedor.*

Chámalle o concelleiro actuación fraudulenta, ao retraso no pago do comedor dunha familia que ben puido quedar con todos os seus membros no paro. Porque as axudas só contemplan a situación familiar do pasado ano, e non as posibles causas sobrevidas durante o presente ano.

En virtude do exposto o Grupo Municipal Socialista, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate en Pleno, e que se acorde o seguinte acordo:

- Instar á Consellería de Educación a suprimir a instrución 1/2011, nomeadamente no que atinxe ao referido parágrafo.
- Instar á Consellería de Educación a crear unha liña de becas, bolsas ou axudas para o comedor escolar a aquel alumnado cuxas familias pasen por dificultades económicas por culpa da crise.

Novembro de 2011

Asdo.: A Portavoz Municipal do Grupo Socialista

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As/os representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE e BNG, informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos políticos municipais de PP e EU-IU, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da Moción presentada polo Grupo Municipal do PSdeG-SOE sobre Comedores Escolares.

- Intervén a Sra. García Sanmartín dicindo que se debe eliminar da instrución o parágrafo seguinte: "... os que teñen pendente calquera cantidade, deberán ser excluídas do servizo...".

Hai moitas familias que non poden asumir o gasto. E moi duro para os rapaces ser excluídos dun comedor escolar. Non hai motivos electoralistas nesa moción, haxa campaña ou non o PSdeG-PSOE trae mocións ao Pleno.

O PP vai a dicir que é unha Moción enlatada e que a presentan os socialistas nos Concellos que existe comedor.

O PSdeG-PSOE defende a educación pública e a aqueles que menos teñen.

- Intervén o Sr. Fajardo Recouso dicindo que EU vai a apoiar a proposta. Defenden que a educación debe ser gratuíta e universal. Gástase en educación privada. Son culpables o PP e o PSOE, pois subvención a ensinanza privada e concertada, que non acepta inmigrantes. Hai que deixar de gastar en guerras e gastar en educación e sanidade.

A Xunta de Galicia retirou a gratuidade dos libros.

- Intervén o Sr. Abuín Rodríguez dicindo que subscribe as verbas de EU con respecto á universalidade do ensino.

Di que recorda a época sen comedores e había infancia desnutrida. Chegaron os comedores escolares e iso ía a favorecer aos desfavorecidos. Pero hai familias que nun momento poden pagar pero pasado un tempo non poden facer fronte.

A EPA do último trimestre sobre parados, en Galicia establece que hai mais de 65.000 fogares cos dous cónxuxes en paro, pero en algúns fogares non se perciben ingresos e teñen nenos/as pequenos/as.

Un Conselleiro de Educación ten á desfachatez de dicir que para evitar actuacións fraudulentas...., é dicir, van a quedar sen darlle de comer aos/ás nenos/as sen recursos.

Trátase a eses/as nenos/as e familias como delincuentes.

- Intervén a Sra. Rodríguez Arias dicindo que ás veces cando un ven ao Pleno debería reflexionar as frases que di.

O Sr. Abuín sabe que eses/as nenos/as desfavorecidos/as seguro que teñen dereito a comedor gratuito. Gustaríalle saber se leron a Instrución dos anos 2008, 2009, etc.

Segundo vostedes a Xunta de Galicia recorta e por culpa do PP teñen que pagar os/as nenos/as o comedor escolar, cando case o 89% dos/as usuarios/as dos comedores escolares paga 0 €.

Un 3% ten subvencionado o 50% e o resto ten subvencionado o 90%.

Este sistema foi implantado pola Conselleira de Educación do Bipartito. Esta instrución reitera outras instrucións anteriores.

Os incumprimentos no pagamento son iguais aos de anos anteriores. O PP destina o dobre que no ano 2007 a comedores escolares. A normativa en vigor foi establecida fai anos, xa que é unha Orde do ano 2007. O bipartito implantou a norma do transporte escolar para o comedor e estableceron o copago.

A instrución fala das bonificacións dos prezos públicos e leana Vdes. para ver quen ten dereito ao servizo gratuito.

- Intervén a Sra. García Sanmartín dicindo que na actualidade hai 3.000 nenos/as mais e 1.000 mestres menos. ¿Cantos comedores e colexios fixo o PP en Vilagarcía?. O Bipartito fixo 1 colexio e comedores.

O PP deixou aos/ás rapaces/as sen ordenadores, e hai o programa nun colexio público e outro nun colexio concertado.

- Intervén o Sr. Fajardo Recouso dicindo que a moción di unha cousa moi clara que é, se non pagas quedas fora. A situación das familias cambiou nos últimos anos e non pode considerarse unha actuación fraudulenta.

- Intervén o Sr. Abuín Rodríguez dicindo que os insultos dependen de quen veñan. Éi sacándolle horas ao seu ocio leu a instrución do último ano e segue pensando o mesmo. O PP di que todo o problema ven de atrás.

Sometido a votación polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con dez votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (5), BNG (3) e EU (2), e dez votos en contra, pertencentes ós membros do grupo político municipal do PP (10),

Repetida a votación dá o mesmo resultado polo que co voto de calidade do Sr. Alcalde,

ACÓRDASE: Rexeitar a moción presentada polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE sobre comedores escolares.

10.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE SOBRE O FINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS.- Pola Sra. Secretaria dáse lectura ó dictame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, en sesión celebrada o día 24 de novembro de 2011, do seguinte teor:

Pola Secretaria dáse conta da Moción presentada polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE coa data de 23 de novembro de 2011, do seguinte teor:

MOCIÓN: Sobre FINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS

Tania García Sanmartín, na súa condición de voceira do Grupo Municipal Socialista no Concello de Vilagarcía de Arousa comparece e como mellor en dereito proceda DI:

Ao abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte:

Exposición de motivos

O Plan concertado constitúe un instrumento fundamental para a colaboración e coordinación entre as administracións con competencias en políticas sociais co fin de prestar servizos públicos, actuacións e programas absolutamente fundamentais para o benestar das persoas. Sen Plan concertado non poderían existir os servizos públicos sociais que existen na actualidade.

Este plan nacido froito das políticas socialistas, ten sido o soporte de políticas municipais sociais, tanto de dotación de persoal como na elaboración, mantemento e desenvolvemento de programas de atención e cohesión social.

Obxectivos fundamentais do Plan son garantir servizos sociais a toda á poboación, proporcionar aos cidadáns e cidadás servizos sociais de calidade axeitados ás súas necesidades, construír redes públicas de equipamentos sociais, ou cooperar cos concellos na prestación de servizos sociais de calidade.

A entrada de Feijóo ao Goberno da Xunta vén supoñendo un ataque directo ao Plan concertado. Os recortes que se teñen experimentado, malia os anuncios ao uso da conselleira Mato, están a asfixiar aos concellos, e, o máis importante, a persoas que precisan deste plan para vivir nunhas mínimas condicións de benestar. A media de recortes deste ano dos orzamentos da Xunta para os concellos é do 80% o que suporía de non rectificar a morte dos servizos sociais municipais.

O incomparable recorte da Xunta de Galicia en axudas a domicilio supón en Vilagarcía unha redución do financiamento do Servizo de Axuda no fogar nun 80%, (de 45.000 a 9.000€) impedindo a inclusión de novas altas no servizo; a contía destinada a financiar programas redúcese de 8.000€ a cero no presente ano, así como a partida de mantemento que se reduce de 600 a 0€.

En virtude do exposto o Grupo Municipal Socialista, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate en Pleno, e que se acorde o seguinte:

1.º) Rectificar, a través das medidas urxentes necesarias, os recortes implantados polo Goberno galego no Plan concertado e garantir, polo menos, a cobertura orzamentaria de 2009.

2.º) Garantir o mantemento dos programas, actuacións e servizos dependentes do Plan concertado que existían no ano 2009.

3º) Facultar ao Alcalde-Presidente para exercer as accións legais que procedan en defensa dos dereitos sociais dos seus veciños/as.

Novembro de 2011

Asdo.: A Portavoz Municipal do Grupo Socialista

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As/os representantes dos grupos políticos municipais do B.N.G., PSdeG-PSOE e EU informan favorablemente.

As/os representantes do grupo político municipal do PP, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da Moción presentada polo Grupo Político Municipal do PSdeG-PSOE sobre financiamento dos Servizos Sociais.

Sometido a votación polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con dez votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (5), BNG (3) e EU (2) e dez votos en contra, pertencentes ós membros do grupo político municipal do PP. Prodúcese un empate polo que se repite a votación co mesmo resultado decidindo o voto de calidade do Sr. Alcalde, e polo tanto,

ACÓRDASE: Rexeitar a Moción presentada polo Grupo Político Municipal do PSdeG-PSOE sobre o financiamento dos Servizos Sociais.

11.- INTERPELACIÓNS

Dáse conta da seguinte interpelación presentada polo Grupo do BNG coa data de 18 de novembro de 2011 en relación co proxecto de "Acondicionamento Hidráulico do regato da Rúa de Mendoza", seguinte:

1. ¿Tivo entrada no Concello o proxecto reformado da obra referida?, de ser o caso, ¿En que situación de trámite se atopa?
2. Dado que no citado orzamento da Xunta para 2012 non figura partida específica para esta obra ¿é posible o seu financiamento con cargo á actuación prevista para a canle fluvial do Río Con?
3. ¿Que xestións leva realizadas o Goberno Local ao respecto do cumprimento do prazo comprometido para a realización da obra?

- Contesta o Sr. Alcalde á citada interpelación o seguinte:

1. O proxecto inicial entrou no Concello en abril de 2010. No 2011 pediuse autorización ao Ministerio de Fomento e chegou en setembro a contestación favorable.
2. Augas de Galicia di que van a enviar o proxecto reformado cun orzamento aproximado de 800.000 € nas próximas semanas
3. A previsión inicial é sacalo a licitación no ano 2012, cunha aportación municipal reducida.
4. As xestións son as explicadas.

- O SR. Castro Ratón di que á vista do orzamento da Xunta de Galicia non hai unha partida específica para esta obra e pregunta ¿cabe a posibilidade de facer a obra dentro do Proxecto do Río O Con?

Tamén sinala que esta obra, foi unha xestión da Corporación anterior e do Goberno anterior e non figura especificamente nos orzamentos de 2012 da Xunta de Galicia.

- Contesta o Sr. Alcalde que ten o compromiso do Conselleiro de Medio Ambiente e do Presidente de Augas de Galicia de acometer a obra.

12.- ROGOS E PREGUNTAS.- Polos Sres/as Concelleiros/as que se citan a continuación fórmulanse os seguintes rogos e preguntas:

- A Sra. García Sanmartín pregunta se as melloras na desembocadura do Río Con conlevarían a eliminación da antiga ponte de Vista Alegre e pregunta cal vai a ser a postura do Goberno Local. Tamén pregunta se se van a incrementar o número de prazas de aparcamento. Di que nos Supermercados Lidl e Día xestionouse polo Alcalde Sr. Gago o uso público do parking e agora están pechados polas noites e pregunta se se fixeron xestións.

- O Sr. Alcalde contesta que Augas de Galicia non obriga a eliminar a ponte. É unha suxestión e podería non estar oblicua. De momento non hai unha decisión adoptada pois informaran previamente os técnicos municipais.

En canto ao tema do parking hai un acordo de facilitar o uso para intentar paliar a escasez de aparcamentos no entorno. Houbo unhas reunións coa avogada dunha empresa e están pechando de noite por que hai vehículos á venda que ocupan o parking.

O Concello pediulles que non pecharan pola noite e haberá que buscar unha solución.

- O Sr. Fajardo Recouso pide que se lle facilite o acordo de goberno entre o PP e IVIL. Tamén pregunta ¿Como vai paliar o Concello a falta de recursos de axuda a domicilio?

- Contesta a Sra. Suárez Sarmiento dicindo que se está facendo un estudo con Intervención e logo darase a coñecer.

- O Sr. Fajardo Recouso pregunta aos representantes na Autoridade Portuaria sobre os novos recheos e di que deben informar ao Pleno da Corporación.

- O Sr. Mouriño Santiago contesta que se trata dunha explanada xa feita e que unicamente se van a retirar lodos e non vai haber recheos novos.

- O Sr. Fajardo Recouso pregunta ¿Virán proximamente os Orzamentos do Concello ao Pleno?

- O Sr. Alcalde contesta que se encontraron coas dificultades económicas do Concello e priorizaron a liquidación do 2010. Intentarán iniciar o 2012 con novos orzamentos.

- O Sr. Fajardo Recouso fai os seguintes rogos:

- 1) Deixen de enviar invitacións por escrito e fagan por email.
- 2) Utilizar Fexdega para depósito de vehículos abandonados.

- O Sr. Alcalde contesta que se están reducindo os alugueiros municipais pero os novos lugares teñen que contar con garantías.

- O Sr. Fajardo Recouso di que unha veciña de Matosinhos non é recibida e piden a solicitude de fondos realizada para evitar as inundacións de Matosinhos.

- Contesta o Sr. Alcalde que se informará e lle la pasará.

- A Sra. Lorenzo Fraga pregunta pola lista de espera para o programa de educación familiar e di que non están sendo atendidos pese a ser casos graves.

- A Sra. Suárez Sarmiento contesta que o comprobará.

- O Sr. Mouriño Santiago pregunta cando saen a exposición pública os Estatutos da FPSDM.

- O Sr. Garrigós Villalba contesta que saíu publicado o anuncio de exposición pública o día 18 de novembro de 2011.

- O Sr. Mouriño Santiago pregunta por que non filxeron as xornadas de igualdade pola tarde, logo as cambaron para a mañá e non puido asistir.

Tamén di que nos semáforos de Juan Carlos I e Rosalía de Castro (Mercadona) o tempo de ámbar e moi curto.

- A Sra. Suárez Sarmiento explica que se cambiaron por que non asistiron os Concelleiros.

- Por parte do público asistente fanse rogos.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde, levántase a sesión, sendo as vinte horas e corenta minutos, da que se estende a presente acta, e eu como Secretaria dou fe.